aulas con nome propio

# aula ÁLVAREZ BLÁZQUEZ



1915-1985

2008 LETRAS GALEGAS

## a súa vida

Foi escritor de poesía, novela e teatro; investigou a literatura galega do pasado, o folklore e a prehistoria e foi o cofundador da primeira editorial no noso idioma.

Como escritor foi finalista do premo Nadal de novela en 1944, premio *Historia* dos Xogos Florais de Vigo, premio de poesía do CEBA en 1954, premio de novela Pérez Galdós en 1955, premio de novela *López Cuevillas*... son algúns dos múltiples recoñecementos que Xosé María Álvarez Blázquez recibíu pola súa prolífica obra literaria que arrincou en Pontevedra en 1932 co poemario ***Abril***. Despois chegarían obras como ***Poesía do teu mencer*** ou ***Romance do pescador Peleriño***. Poemarios que reivindicaban un espazo popular e de ampla difusión que el tanto buscou para a lírica galega. E que resolveu con gran acerto que ata compositores como Rogelio Groba ou Freitas Braunio puxéronlle música ás súas letras. Pero non foi o único xénero que cultivou.

Como autor teatral escribiu ***O zapato do cristal***, que foi escenificado en Vigo o 2 de xaneiro de 1947, ou ***Os pazos altivos***, unha comedia en tres actos en verso que foi estreada en Xixón o 11 de xuño de 1947. Como novelista deixou títulos como ***Os ruíns***, ***Una cabaña en el cielo*** ou ***A pega rabilonga e outras historias de tesouros***.

## a súa obra

### A COMETA

*Botar unha cometa*
*era guindar os soños*
*todos pola fiestra.*

*Era poñer a ialma*
*por enriba das ponlas*
*máis ergueitas da fraga.*

*Era andar cos miñatos*
*nun outo voo suspenso*
*sobor da paz dos campos.*

*Era ter -cousa meiga!-*
*o corazón atado*
*cun longo fío de terra.*

---

Os ruíns (1936). / En el pueblo hay caras nuevas (1945). / Poemas de ti e de min (1949). / Roseira do teu mencer (1950). / Cancioneiro de Monfero (1953). / Romance do pescador peleriño (1954). / Escolma de epigramas 1968 (poesía). / A pega rabilongo e outras historias de tesouros (1971). / Canle segredo (1976).

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística

CEIP Pío XII

COLABORA